CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169

VILASANTAR
Un refuxio natural

Expediente nº: 2026/V014/000001

Procedemento: Licenza de taxi

Asunto: Licenza de taxi 2026

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS para á adxudicación polo procedemento de concurso da licenza de auto-taxi do Concello de Vilasantar, en réxime de concorrencia, para a prestación do servizo de transporte de viaxeiros, sen taxímetro, taxi para transporte de persoas .

Primeira.–Obxecto do contrato.

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación polo procedemento de concurso dunha licenza de auto-taxi deste concello, en réxime de concorrencia, polo tanto, dunha licenza de autoturismo (clase B), para a prestación do servizo de transporte de viaxeiros, sen taxímetro, e as correspondentes autorizacións que habilitan para a prestación de servizos públicos interurbanos, de acordo coa Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, co Decreto 103/2018, co Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, que regula as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos medios de transporte para persoas con discapacidade, coa Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres, co Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Nacional dos servizos urbanos e interurbáns de transportes en automóviles, co Real Decreto 1211/1990, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación dos Transportes Terrestres (ROTT), e co resto de normativa aplicable.

A licenza obxecto de concurso é de auto-taxi, pero valorarase que poida prestar servizo ás persoas con discapacidade.

A forma da adxudicación da licenza será o procedemento aberto, con multiplicidade de criterios, de conformidade co establecido na LCSP.

A duración da concesión da licenza ten carácter indefinido, agás renuncia expresa do seu titular ou cando concorra algunhas das causas que, contempladas nestas bases ou na lexislación aplicable, dean lugar a retirada, caducidade ou revogación da licenza, ou no caso de transmisión desta.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

Segunda.–Condicións de participación.

1. Condicións xerais.

a) Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea ou de outro país estranxeiro no que, mediante acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa exixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo, de acordo co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no su propio nome.

b) Ter cumpridos 18 anos, sen exceder de aqueles que fixa e Código de circulación o u leis vixentes para este tipo de actividade.

c) Estar en posesión do permiso de conducir clase B ou superior, así como da autorización para conducir vehículos a que se refire o artigo 4.2f) do Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores (BTP).

d) Dispoñer da capacitación profesional que regulamentariamente poda establecerse para prestar servizos de taxi.

e) Non padecer enfermidade infecto - contaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

f) Non estar incurso en ningunha das prohibicións que para contratar ca administración pública están establecidas na LCSP.

g) Xustificar o cumprimento dos deberes de carácter fiscal, laboral e social establecidos na lexislación vixente.

h) Non atoparse en posesión de ningunha outra licenza municipal de auto-taxi.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

2. Condicións específicas.

a) Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido. Se é o caso, se a decisión de adquisición de vehículo por parte do solicitante estivera ligada á obtención da licenza, admitirase o compromiso por escrito do solicitante de adquisición de vehículo adecuado, especificando as características deste. O citado vehículo, da categoría de turismo, cun número máximo de prazas non superior a sete, incluída a do condutor, debendo figurar esta capacidade máxima tanto no permiso de circulación como no certificado de características.

b) Os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior a dous anos, contados desde a súa primeira matriculación, no momento de adscribirse aos títulos habilitantes, excepto no suposto de transmisión ou cando xa estiveran adscritos a outros inmediatamente antes.

Así mesmo, os vehículos adscritos aos títulos habilitantes non poderán ter unha antigüidade superior a doce anos, computados do mesmo xeito, para concellos de ata 20.000 habitantes ou para aqueles que teñan a condición de adaptados, ou a nove, para concellos de más de 20.000 habitantes. No caso de que o vehículo consiga ditas antigüidades sin ser substituído por outro, os correspondentes títulos entrarán en suspensión de xeito automática por un prazo máximo de dous anos, antes de quedar definitivamente extinguidos no caso de que non se concrete a substitución por outro vehículo adecuado.

No caso de substitución, o novo vehículo deberá ter unha antigüidade inferior a do vehículo substituído, e ter en todo caso menos de 4 anos.

Os vehículos destinados a prestación de servizos de taxi que, no momento da adxudicación, superen a antigüidade máxima sinalada, deberán ser substituídos por outros no prazo máximo de dous anos, contados desde a mesma data.

Todo isto, sen prexuízo das modificacións que resulten da posterior normativa de aplicación neste ámbito (en especial respecto ao proxecto de Decreto de Regulamento da Lei de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia).

c) Acreditar o cumprimento dos requisitos técnicos do vehículo turismo para o servizo de auto-taxi que sexan exixibles pola normativa vixente.

d) Ter cuberta a responsabilidade civil por danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

Terceira.–Presentación de proposicións e documentación.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda **"Proposición para licitar a contratación do servizo da praza de autoturismo do Concello de Vilasantar».** A denominación dos sobres é a seguinte:

Sobre «A».–Documentación administrativa. –

Sobre «B».–Proposición económica e documentación acreditativa referida aos criterios de valoración.

Dentro de cada sobre incluiranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

Sobre «A». Documentación administrativa:

Sobre «B». Proposición económica e documentación cuantificable:

Cuarta.–Publicidade.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a lista no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, co obxecto de que os interesados e as asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que consideren oportuno en defensa dos seus dereitos, no prazo de quince días (artigo 10 do Real decreto 763/1979, do16 de marzo).

Quinta.–Garantías.

Non se esixen, por entenderse comprendidas na oferta económica.

Sexta.–Criterios de adxudicación.

- Criterios cuantificables automaticamente, se puntuarán en orde decrecente:

A prelación para a adxudicación desta licenza establecerase de conformidade co establecido no artigo 13 do Real decreto 763/1979, en función dos criterios e con base na puntuación que seguidamente se indica:

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

1. <u>Sostenibilidade ambiental</u> (40 puntos): por achega de vehículo eléctrico ou híbrido.

2. <u>Desempregado ou desempregada</u> (20 puntos): acreditación de encontrarse en situación de desemprego de longa duración ou demandante de emprego á data de publicación.

3. <u>Operatividade e proximidade do servizo</u> (20 puntos): compromiso de base ou parada do vehículo a una distancia inferior a 500 metros do Centro de Saúde de Présaras. Xustificando o presente criterio nunha garantía de resposta inmediata ante necesidades de traslados da veciñanza a citas médicas, farmacia ou outros servizos.

4. <u>Vehículo adaptado</u> (10 puntos): Posuir un vehículo adaptado para persoas con discapacidade ou con mobilidade reducida. Este criterio ten a súa xustificación por ter poboación maior con discapacidade ou en moitas ocasións con mobilidade reducida polas enfermidades ou a idade , esta cuestión é indispensable para a boa eficiencia do servizo.

5. <u>Experiencia profesional xeral</u> (10 puntos): experiencia profesional previa acreditada.

Criterios de desempate.-

1- En aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes, a fin de compensar a escasa participación destas como prestadoras do servizo de taxi, outorgaranse preferencia en caso de empate de puntuacións ás solicitudes presentadas por mulleres.

2. De persistir o empate tras a aplicación do devandito criterio, outorgarase preferencia a quen obtivese maior puntuación en aplicación dos criterios de baremación establecidos nos apartados a) e b) da presente base, por esa orde.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

3. Finalmente, en caso de continuar o empate, outorgarase a licenza á persoa de maior idade.

4. Por sorteo entre aqueles que obtivesen igual puntuación, en caso de non poder procederse ao desempate en aplicación dos anteriores criterios.

Sétima.–Gastos

O adxudicatario queda obrigado ao pagamento dos anuncios e impostos que procedan.

Oitava.–Mesa de contratación.

Novena.–Apertura das proposicións. A mesa de contratación constituirase despois da finalización do prazo de presentación das proposicións. En primeiro lugar, procederá á apertura dos sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida neles.

Se fose necesario, a mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos emendables observados na documentación achegada.

Seguidamente abriranse os sobres «B». Logo da lectura das proposicións, a mesa poderá solicitar todos os informes técnicos que considere precisos para a valoración delas de acordo cos criterios e coas ponderacións establecidos neste prego.

Finalmente clasificarase por orde decrecente, as propostas presentadas

Décima.–Requirimento da documentación. Requiriráselle ao licitador que obteña maior puntuación para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

– Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias (Estado, Xunta e Concello de Pontedeume) e coa Seguridade Social. –

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

Documentación acreditativa do vehículo que se vai adscribir ao servizo e que cumpre cos requisitos esixidos.

– Póliza do seguro de responsabilidade civil polos danos que poida ocasionarse no transcurso do servizo, nos termos establecidos pola normativa vixente.

– Se é o caso, xustificante bancario do ingreso na conta do Concello de Vilasantar, do prezo que no seu caso ofertou.

De non se completar adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e procederase nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificados.

Décimo primeira.–Adxudicación da licenza.

En virtude do artigo 16.4. da Lei 4/2013, con carácter previo á súa adxudicación, deberá remitírselle á Dirección Xeral da Xunta de Galicia, competente en materia de transportes, a documentación das persoas seleccionadas, coa finalidade de que, no prazo máximo de tres meses emita informe de modo vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular de autorizacións interurbanas de taxi.

Unha vez recibida a documentación solicitada, o alcalde deberá adxudicar a licenza dentro dos cinco días hábiles seguintes.

A efectos de unificar o principio de vixencia dos títulos habilitantes, a licenza de taxi estará condicionada na súa eficacia á data de outorgamento da autorización interurbana de taxi.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego. A adxudicación, que deberá ser motivada, seralles notificada aos candidatos ou licitadores.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

Décimo segunda.–Dereitos e obrigas do titular da licenza.

No prazo de sesenta días naturais contados desde a data da concesión da licenza municipal, o seu titular virá obrigado a prestar o servizo de forma inmediata e co vehículo afecto a este.

En calquera caso, o adxudicatario deberá tramitar a autorización VT que habilita para a prestación de servizos interurbanos ante a autoridade competente da Xunta de Galicia, segundo a lexislación en vigor, e comunicarlle ao concello a obtención desta.
Os dereitos e obrigas do titular da licenza son os que nacen deste prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo concello, así como os derivados da lexislación aplicable.

Son obrigas específicas do titular da licenza, entre outras, as seguintes:
– O vehículo destinado á prestación do servizo deberá levar un anagrama co logotipo do Concello de Vilasantar, nos termos que se establezan.
– A prestación do servizo localizarase na parada sita en R/ Ru -Vilasantar no horario previamente establecido. O titular da licenza facilitará e daralle publicidade a un número de teléfono para os efectos de poder ser localizado polos usuarios para a prestación do servizo.

Décimo terceira.–Recursos administrativos e xurisdicionais.

Os acordos correspondentes do órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra eles pode interpoñerse un recurso potestativo de reposición, de acordo coa Lei de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que os ditou, ou un recurso contencioso-

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora da dita xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir da notificación do acordo.

Décimo cuarta.–Designar os membros da mesa de contratación :

Presidente:
Fernando Pérez Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Vilasantar, ou persoa que o substitúa.

Vogais:
María Chao Carballeira, Secretaria-Interventora do Concello, ou persoa que a substitúa

Ana Belén Vázquez Garea, Educadora familiar. Suplente: Mercedes Costoya Cortés, Auxiliar administrativo, ou persoa que a substitúa.

Lourdes García Sánchez, AEDL e Administración. Suplente: Trinidad Veiras Freire, Técnico en xestión cultural e información xuvenil, ou persoa que a substitúa.

Secretaria: Isabel Novo López, Administrativa. Suplente: Montserrat Varela Vázquez, Traballadora Social, ou persoa que a substitúa.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

ANEXO I. Modelos de proposición.

SOBRE <A> DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA

Dentro de cada sobre se incluirá documentos originales o copias auténticas.

a) Documentos que acrediten la personalidad jurídica del empresario, y en su caso, la representación.

b) Declaración responsable de no estar incurso en una prohibición para contratar.

Esta declaración incluirá hallarse al corriente del cumplimento de las obligaciones tributarias, incluídas las del Ayuntamiento, y con la Seguridad Social impuestas por las legislaciones vigentes.

Modelo

_____ con NIF/DNI _____
_____ con domicilio a efectos de notificaciones en_____
_____
_____ , en representación de_____ con NIF_____
a efectos de su participación en la licitación de la concesión de licencia de taxi, ante el Ayuntamiento de Vilasantar

DECLARA BAJO SU RESPONSABILIDAD:

PRIMERO.- Que se dispone a participar en la contratación de la concesión de licencia de taxi.

SEGUNDO.- Que cumple con todos los requisitos previos exigidos por el pliego de cláusulas administrativas particulares para ser adjudicatario, en concreto:

Que no está incurso en una prohibición par contratar recogidas en la legislación vigente.
Estar al corriente del cumplimiento de las obligaciones tributarias y de las obligaciones con la Seguridad Social impuestas por las legislaciones vigentes.

Que la dirección de correo electrónico para notificaciones es_____
_____

TERCERO.- Que se compromete a acreditar la posesión y validez de los documentos a que se hace referencia en el apartado segundo de esta declaración, en caso de que sea propuesto como adjudicatario del contrato o en cualquier momento en que sea requerido para ello.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/

Y para que conste, firmo la presente declaración.

En Vilasantar, a ____ de _____ de 2026

Fdo:_____

SOBRE <B> PROPOSICIÓN ECONÓMICA Y DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE

a) Proposición económica

Se presentará conforme al siguiente modelo:
_____ con NIF/DNI_____ _____ con domicilio a efectos de notificaciones en _____ _____ , en representación de_____ con NIF _____, enterado del expediente para la censión de la licencia de taxi por procedimiento abierto, anunciado en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, hago constar que conozco el Pliego que sirve en base al contrato y lo acepto integramente, tomando parte de la licitación y comprometiéndome a llevar a cabo el objeto del contrato por el importe de _____ euros.

En Vilasantar, a ____ de _____ de 2022

Fdo:_____

b) Documentos relativos al os criterios cuantificables, que se deban cuantificar de forma automática.

CVD: xDsJ9mDNFweAI0mC9aBL Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.vilasantar.gal/